Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladarlles o referido á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

**Resolución da Presidencia, do 16 de xaneiro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as condicións para acceder a outros sistemas de información da UE e polo que se modifican o Regulamento (UE) 2018/1862 e o Regulamento (UE) yyyy/ xxx (ECRIS- TCN) [ COM(2019) 3 final] [2019/0001 ( COD)]**



-10/UECS-000268 (43708)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as condicións para acceder a outros sistemas de información da UE e polo que se modifican o Regulamento (UE) 2018/1862 e o Regulamento (UE) yyyy/ xxx (ECRIS- TCN) [ COM(2019) 3 final] [2019/0001 ( COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 43708, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as condicións para acceder a outros sistemas de información da UE e polo que se modifican o Regulamento (UE) 2018/1862 e o Regulamento (UE) yyyy/ xxx (ECRIS- TCN) [ COM(2019) 3 final] [2019/0001 ( COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladarlles o referido á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Recentemente anunciouse a convocatoria dunha nova edición do campionato provincial de caza de raposo de Pontevedra, que vai ter lugar o sábado 12 de xaneiro nos montes de Cerdedo-Cotobade. Segundo consta na cartelaría que se fixo pública, o citado campionato está organizado pola Federación Galega de Caza e conta co apoio da Xunta de Galiza, da empresa ENCE e do Concello de Cerdedo-Cotobade.

Este patrocinio da administración galega contravén o acordo adoptado pola comisión de medio ambiente do parlamento galego, que o pasado 1 de marzo de 2018 aprobou de forma unánime unha resolución no que se instaba á Xunta de Galiza a non colaborar na promoción e desenvolvemento dos campionatos de caza do raposo.

A realidade é que a Xunta de Galiza leva anos apoiando os chamados Campionatos de caza do raposo e a denominada Supercopa Galega, unha competición na que se premia a “habilidade” de matar o maior número de raposos no menor tempo posíbel. O feito de tratar de equiparar actividades e prácticas deportivas con saír masivamente ao monte a matar raposos supón un exercicio de crueldade e cinismo absoluto, para tratar de xustificar a matanza sistemática destes pequenos mamíferos por mero divertimento.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A pervivencia dos chamados campionatos de caza de raposo e da denominada “Supercopa galega” amosan unha auténtica falta de respecto ao medio natural, ao medio rural e á súa veciñanza. Segundo datos de colectivos ecoloxistas, nestes “campionatos” que se desenvolven de maneira intensiva ao longo de varias semanas, participan centos de cazadores e poden chegar a abaterse máis de 200 exemplares de raposos.

A Xunta de Galiza colabora economicamente coa organización destas actividades agresivas, que non están xustificadas nin por razóns de control poboacional nin por potenciais danos producidos polo raposo. Segundo colectivos ecoloxistas como ADEGA, ASCEL e o Grupo de Estudio dos Animais Salvaxes (GEAS), estas competicións "non só carecen de total reprobación ética e moral senón que non teñen xustificación científica, e fanse á marxe da planificación cinexética dos tecores". Afirmar tamén estas entidades que "Matar raposos non axuda a recuperar as poboacións de perdices nin de coellos, afectadas por múltiples factores, sinalando entre outras, tamén, ás malas prácticas cinexéticas, por sobrecaza ou por repoboacións cinexéticas con animais de granxa, así coma, os cambios no hábitat, como os monocultivos forestais".

Asemade, esta colaboración e apoio de administracións gobernadas polo PP é unha mostra evidente de cinismo e de dobre linguaxe, pois mentres se di loitar contra o maltrato animal promóvense estas macrocacerías que derivan en matanzas indiscriminadas e inxustificadas de animais silvestres.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1. Cal é a colaboración da Xunta de Galiza na promoción e desenvolvemento dos campionatos de caza de raposo?
2. Canto diñeiro público destinou a administración galega á financiación de competicións de caza de raposo no período 2013-2018?
3. Por que razón o goberno galego incumpre o acordo parlamentario do 1 de marzo de 2018, no que se insta á Xunta de Galiza a non colaborar na promoción e desenvolvemento destes campionatos?
4. Considera o goberno galego que é propio destes tempos promover actividades de morte inxustificada da fauna silvestre, por simple divertimento?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2019 14:25:22**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2019 14:25:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2019 14:25:28**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/01/2019 14:25:30**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2019 14:25:31**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2019 14:25:32**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O dereito á protección da saúde das e dos cidadáns por parte da administración pública debera ser un dos dereitos básicos e irrenunciábeis dunha sociedade moderna, non podendo ser nunca motivo de especulación económica. Esta protección á saúde poboacional de forma universal e gratuíta constitúe unha das principais canles de redistribución da riqueza e da eliminación das fendas de desigualdade social e tamén do punto de vista territorial.

Porén, as decisión dos gobernos de Núñez Feijóo desde que entrou no goberno da Xunta de Galiza teñen ido na dirección contraria. Desta forma, realizou fortes recortes no orzamento sanitario, o que produciu un deterioro preocupante na calidade da sanidade pública galega. Elimináronse arredor de 700 camas hospitalarias públicas a pesar do incremento das listas de espera e da conxestión permanente dos servizos de urxencias e prosegue o desmantelamento e a privatización de servizos asociados ao sistema sanitario.

Neste camiño, entre os meirandes damnificados salientan os hospitais comarcais afastados das grandes cidades, como é o caso do Hospital de Valdeorras. Un camiño que á luz dos feitos tense intensificado após a supresión da área sanitaria do Barco de





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Valdeorras coa reforma exprés da lei de saúde galega no ano 2018. Unha reforma de costas ás esixencias dos territorios e das e dos profesionais, como quedou de manifesto en numerosas mobilizacións e alegacións que o Partido Popular ignorou.

Na primeira semana de 2019 coñeceuse a denuncia feita pública por un facultativo do hospital no que denunciaba como neste había cadros de garda falsos, figuraba xente de garda que non o estaba e que por exemplo se atopaba de vacacións. Isto condicionou, ao non sabelo o persoal que estaba traballando, que algún paciente tivese que esperar moitas horas para ser desviado a Ourense. Este é un feito gravísimo que podería ter un fatal desenlace e que evidencia a situación de deterioro do hospital. Unha situación inxustificable ao mesmo tempo que sabemos tamén que a hospitalización a domicilio, a Hospitalización a Domicilio (HADO) está sen funcionar por falta de persoal e que hai tres internistas que abandonaron ou están cunha baixa fóra do hospital, e destes tres internistas non hai cubertos máis que un. A todos estes feitos engádesse a falta de transparencia que ten denunciado o cadro de persoal.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Como valora a Xunta de Galiza os feitos denunciados por un médico do Hospital de Valdeorras respecto da falsidade dun parte de garda? Que accións tomou ao respecto? Que responsabilidades depurou? Con que frecuencia acontece isto? Tense dado noutros Hospitais?

-Que recursos humanos totais e por especialidades e categorías laborais ten o Hospital de Valdeorras a 1 de xaneiro de 2019? e a 1 de xaneiro de 2018? e 2017?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Como valora o cese de servizo de HADO? Retomouse? Cando? Canto tempo estivo en suspenso?

-Pensa o goberno galego encargar unha auditoría independente respecto do acontecido? Cales son os motivos?

-Vai rectificar a súa decisión de suprimir a área de Valdeorras?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/01/2019 12:00:13**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/01/2019 12:00:18**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 07/01/2019 12:00:19**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/01/2019 12:00:21**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/01/2019 12:00:22**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/01/2019 12:00:24**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, José Manuel Pérez Seco e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A central térmica das Pontes, propiedade de ENDESA, ten sobre 300 traballadores en activo e uns 2.000 pasivos, que inclúe a xubilados, viúvas/os e orfos/as de traballadores/as, o que amosa a importancia que a dita empresa ten, xa non só para As Pontes, senón para as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

O pasado 27 de decembro de 2018 a dirección da empresa rompeu de xeito unilateral as negociacións do V Convenio Colectivo Marco do Grupo Endesa, despois de 48 reunións. Endesa denunciou o IV Convenio Marco do Grupo Endesa para empezar as negociacións dun novo convenio colectivo, pero o que demostrou ao longo destes meses de negociación foi unha mala fe clara á hora de negociar, o que culminou coa decisión de dar por rotas de xeito unilateral as negociacións.

Esta ruptura unilateral da negociación trouxo consigo que o día 31 de decembro de 2018 ENDESA fixese decaer o IV Convenio Marco e dese por finalizado o período de ultraactividade do Convenio, aproveitándose da limitación da ultraactividade dos convenios colectivos introducida pola reforma laboral do Goberno do PP de 2012, limitándose á prórroga de aplicación dos convenios colectivos denunciados a un ano desde a súa denuncia.

Polo tanto, desde o 1 de xaneiro de 2019 o que fixo ENDESA foi contractualizar as condicións do Convenio Colectivo de xeito individual, co conseguinte risco que isto implica xa que as condicións que un traballador ten establecidas por contrato son moito máis doadas de cambiar por parte da empresa cás establecidas en convenio colectivo.

O IV Convenio Colectivo Marco do Grupo de ENDESA tiña recollido unha serie de “beneficios sociais”, como eran a tarifa de electricidade (cantidade de enerxía que reciben os traballadores como pago en especie, e que polo tanto, tributa) axudas de estudos e seguro médico, que se ben para os traballadores en activo, en principio, parecen respectarse pola contractualización das condicións do convenio colectivo, non acontece o mesmo coas clases pasivas, xa que os ditos



beneficios sociais dos que viñan desfrutando ata agora quedaron sen efecto desde o 1 de xaneiro de 2019.

Os sindicatos insisten na necesidade de chegar a acordos que beneficien a ambas partes para mellorar as condicións laborais e económicas dos traballadores en coherencia coa excelente situación económica da compañía.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Ten pensado o Goberno galego levar a cabo algunha iniciativa que axude a retomar a negociación do V Convenio Colectivo Marco do Grupo ENDESA, se for o caso, en que consistirían estas medidas?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 07/01/2019 13:44:16**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/01/2019 13:44:27**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/01/2019 13:44:32**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/01/2019 13:44:40**

**Julio Torrado Quintela na data 07/01/2019 13:44:49**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Á saída da vila de Portomarín, o Camiño Francés está oficialmente delimitado con dúas alternativas: a ruta histórica e un itinerario alternativo.

O trazado histórico, que permite unhas mellores vistas e o paso por importantes elementos do Patrimonio cultural, continúa indebidamente sinalizado, coa complicidade do Concello de Portomarín e da Xunta.

Unha parte do camiño histórico, antes de Portomarín, si está sinalizado, indicando que é máis duro que a alternativa, xa que pasa por un corgo antigo; aínda que é máis dura, o camiño antigo salva máis rápido o desnivel ata a entrada de Portomarín.

Cruzado o Miño, é onde se retirou a mouteira que indicaba o camiño histórico por San Roque. Esta situación de non sinalización provoca que as e os peregrinos se salten, sen posibilidade de sabelo, un tramo que permite boas vistas da ribeira do Miño e que pasa por enclaves de gran interese histórico e etnográfico como é o lugar de San Roque e a Capela de San Roque Peregrino. Esta retirada, admite a Xunta, foi “provisional”.

A situación actual é tan delirante que non se sinala a Capela de San Roque neste cruce, pero si se sinala a Capela no punto onde se volven a xuntar os dous camiños xa na Parroquia de Cortapezas, algo ilóxico, pois non se vai volver a atrás un bo treito.





Por outra parte, hai varios tramos do Camiño nos que a seguridade viaria é deficiente. Concretamente, na entrada a Portomarín a estrada LU-633 precisa arcén. En Toxibó (Parroquia de Gonzar), a mesma estrada ten cambios de rasante con pouca visibilidade e os e as peregrinas están obrigadas a cruzar a vía, pese a que se podería manter camiño pola marxe esquerda da estrada, se as marxes da mesma estiveran en condicións.

Ademais, como no resto de Galicia, persisten puntos con elementos inacabados, tales como muros de bloques sen revocar, que non cumpren coas normas de protección dos Camiños de Santiago.

Tamén se detecta como eiva para o goce e coñecemento de todos os elementos do Camiño a ausencia dunha boa guía ampla.

A ponte primitiva de Portomarín, de orixe romana, foi destruída e mandada reconstruír no século XII pola raíña Urraca, sendo durante séculos un dos principais pasos do curso medio do Miño. A construción ficou asulagada tras a construción do encoro de Belesar en 1963 e actualmente só se conserva un dos seus arcos.

Ante unha pregunta sobre este tema, formulada dende En Marea, a Xunta respondeu, o 19 de abril de 2018, que a retirada da sinalización do trazado histórico respondeu a “motivos de seguridade”.

Asemade, a Xunta tamén sinalou que “está levando a cabo un estudo de todos os cruces perigosos existentes (tanto de estradas nacionais, como da Xunta de Galicia e das diferentes Deputacións) o longo dos aproximadamente 1500 km que compoñen a rede de Camiños de Santiago.” E que “o obxectivo deste estudo e solucionar da forma máis axeitada posible, dende o punto de vista da seguridade para os peregrinos e peóns, ben instalando sinalización de cruce,





senalización luminosa, sinalización de tramo común, sinalización de cruce perigoso... ou proponendo unha ruta alternativa sempre e cando sexa posible.”

Polo anteriormente exposto a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito:

1. Vaise revisar a retirada da mouteira que indicaba o trazado histórico do Camiño de Santiago por San Roque, en Portomarín?
2. Vai a Xunta garantir a sinalización adecuada do trazado histórico do Camiño de Santiago en Portomarín, repoiñendo a sinalización no cruce que leva á Capela de San Roque?
3. É consciente a Xunta da falta de seguridade viaria dos e das peregrinas no Camiño de Santiago á entrada da vila de Portomarín e no lugar de Toxibó (parroquia de Gonzar)?
4. Tense realizado algún avance no estudo sobre cruces perigosos ao longo do Camiño de Santiago? Que proposta en concreto se vai implementar nos cruces perigosos en Portomarín?
5. Que medidas de protección e divulgación dos elementos patrimoniais de Portomarín vai acometer a Xunta?
6. Cales son os motivos de seguridade que xustificaron a retirada da mouteira que sinalaba o trazado histórico do Camiño de Santiago por San Roque, en Portomarín?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 08/01/2019 11:05:11**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Concello de Mondoñedo contaba en 2017 con 1.273 persoas maiores de 65 anos, o 34,2% da poboación, e cun índice de envellecemento de 303,24 (DATOS: IGE), cunha tendencia regresiva. En cambio, non hai prazas públicas de centro de día nin de residencia para a Terceira Idade.

O popularmente coñecido como asilo de Mondoñedo, rexentado pola “Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla la Mancha y Galicia” ten permiso de actividades dende o 10 de abril de 2018. O Plan de inspección de Servizos Sociais de Galicia do ano 2015 incluía a Residencia de Maiores San Rafael de Mondoñedo como un dos centros de maiores en funcionamento sen autorización (fora cancelada a inscrición en 2013), pendentes de regularizar, o que non se produciu ata tres anos despois de figurar no citado plan. Conta con 15 prazas, ningunha financiada.

O 3 de abril de 2017 abriuse o Centro de Día para Persoas Maiores San Rafael, en Mondoñedo, rexentado pola “Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla la Mancha y Galicia” con 32 prazas autorizadas, ningunha financiada pola Xunta.

Para a dotación deste centro, segundo o Goberno local, a Xunta achegou en 2016 uns 90.000 € para mobiliario e equipamento, encargándose a Fundación do Asilo de Anciáns de Mondoñedo da adecuación do edificio no que se ubica.







Nas eleccións de 2015, a candidata do PP á alcaldía de Mondoñedo, e actual Alcaldesa, prometeu unha unidade especializada de Alzheimer na vila. A finais de 2018, Mensajeros de la Paz anuncia que prevé abrir o centro de día para persoas enfermas de Alzheimer no primeiro semestre de 2019. Este novo servizo, privado, contará con 15 prazas, no mesmo complexo da residencia, que está a ser rehabilitada. En xaneiro de 2019, a Asociación anuncia que solicitará a exención do Imposto de Construcións e que a Alcaldesa solicitará incluír este proxecto no Convenio Doing Bussiness, a pesares de que non cumpre os requirimentos de dito documento.

En febreiro de 2018, a empresa Canguro Express asinou un acordo de colaboración coa residencia da terceira idade de Mondoñedo (privada, con 15 prazas) para prestar servizos de persoal coidador por horas e en días soltos, cun prezo por hora de entre 6 e 8 euros, aínda que oficialmente conta con 11 persoas de Atención Directa no cadro de persoal.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta, para a súa resposta escrita:

1. Vai a Xunta impulsar prazas públicas en centro de día e residencia no Concello de Mondoñedo?
2. Vai a Xunta avanzar nun plan de atención á Dependencia en Mondoñedo que posibilite a permanencia no fogar e a creación de emprego digno no sector dos coidados?
3. Ten previsto a Xunta ter algunha praza financiada no Centro de Día de Mondoñedo? E no centro de Alzheimer?
4. Como valora o feito de que se deixe gran parte dos servizos de atención á Dependencia no Concello de Mondoñedo á iniciativa privada, en exclusiva?





Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 08/01/2019 11:03:45**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación económica e social derivada da perda de convenio de referencia na empresa eléctrica Grupo Endesa, especialmente nas Pontes.

Despois de máis dun ano de negociación sen acordo do que debiera ser o novo Convenio Marco do Grupo Endesa, iniciado 2019 asistimos á perda de convenio de referencia, ao disolver a empresa a mesa de negociación a finais de decembro de 2018. Esta operación, insólita neste grupo, obedece a unha estratexia calculada e premeditada por parte da empresa que busca, aproveitando o marco legal da reforma laboral, lesivo para a clase traballadora, romper as regras de xogo pactadas con milleiros de traballadores e traballadoras, ben en activo, ben en situación de prexubilación ou xubilación.

Cómpre recordar que estamos a falar dunha situación xerada nunha empresa do sector eléctrico, suxeita a unhas regras particulares de funcionamento que condicionan a súa actividade, e que está a reflectir as consecuencias negativas de procesos privatizadores permitidos e impulsados polos sucesivos gobernos centrais, xa que esta era unha empresa pública estatal con anterioridade. Desta forma hoxe, no lugar de reverter os seus beneficios nas arcas públicas e no fortalecemento industrial do norte de Galiza, podemos ver como avanza nun profundo camiño de descapitalización acelerado após a compra da empresa pública italiana ENEL, que posúe máis do 70% das accións.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Co paso do tempo, confírmanse as consecuencias negativas da falta dunha política industrial do Estado, coa complicidade da Xunta de Galiza, que ten levado a que hoxe esta empresa teña sido xa non só privatizada, senón que está en mans dunha empresa pública italiana que busca coa súa ofensiva descapitalizar totalmente Endesa e avanzar nun proceso viciado polo cal a totalidade de beneficios pasen directamente a dividendos que sexan cobrados por Enel de forma que mesmo para facer investimentos, Endesa teña que recorrer á débeda. Para axilizar este camiño a empresa vén de romper unha serie de acordos sociais que supoñen liberar máis de 900 millóns de euros que terían que reservar, por esixencias de auditoría, para garantir os dereitos de traballadores activos e pasivos, e computalos nas cifras de dividendos de Enel.

Esta situación ten consecuencias negativas nos traballadores e traballadoras, en activo ou xa non, de Endesa, que suman máis de 35.000 persoas, unha parte importante en Galiza, cunha grande concentración nas Pontes e na súa contorna. Grazas á reforma laboral, que o goberno socialista de Pedro Sánchez non derogou nin na totalidade nin nunha parte substancial, a perda de ultraactividade deixa un panorama moi preocupante.

Cómpre recordar que ademais, na perda dos beneficios sociais que estaban recoñecidos estamos a falar dun salario en especie, un dereito conquistado nos anos anteriores polos traballadores e traballadoras de Endesa en detrimento, en moitas ocasións, da contía monetaria recibida no salario. Unha parte da masa salarial pola que tributan, non unha regalía. Isto é unha ruptura das regras de xogo, supón un paso atrás en materia de negociación colectiva e traerá un enorme empobrecemento no norte do noso país, calculándose máis de tres millóns de perdas en termos económicos só sobre a poboación das Pontes.

Máis aínda, esta situación é inaceptábel se temos en conta os multimillonarios beneficios da produción eléctrica. Mesmamente no mes de novembro de 2018 Endesa





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

no Estado español elevaba á alza a súa previsión de beneficios, prevendo chegar aos 1.500 millóns no 2019 e aos 1.600 no 2020. A explotación enerxética do noso país debe, como mínimo, xerar postos de traballo con condicións dignas e non se pode permitir, co silencio das administracións, que estas se rebaixen ao tempo que medran os beneficios empresariais.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que valoración fai a Xunta de Galiza das consecuencias da perda de convenio de referencia en Endesa ao non existir ultractividade por mor da reforma laboral?

-Que vai facer a Xunta de Galiza para evitar esta operación de saqueo de Endesa que afectará a milleiros de persoas en Galiza?

-Tense dirixido o goberno galego aos colectivos de traballadores e xubilados que están a denunciar as consecuencias da perda de convenio de referencia ao non existir ultractividade por mor da reforma laboral? Con que conclusións? Asume implicarse nas súas propostas? Cales son os motivos?

-Como avalía o goberno galego os resultados da privatización do que era unha empresa pública? Terá isto en conta para vindeiras decisións? Vai demandar explicacións ao goberno central? Vai desenvolver algún estudo propio para avalialos?

-Cal é a estimación de perdas en termos socioeconómicos que fai o goberno galego desta situación?

-Tense dirixido ao goberno central con algunha proposta ao respecto? En que sentido? Con que resultado?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Como avalía que un país produtor excedentario de enerxía eléctrica teña que ver como as grandes empresas pretenden aumentar os seus beneficios xa multimillonarios a costa dos traballadores e traballadoras galegos?

-Considera o goberno galego que debe demandar a derogación das reformas laborais? Considera que son a causa desta situación? Se non é así, cal é?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2019 10:10:09**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2019 10:10:13**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2019 10:10:14**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2019 10:10:15**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2019 10:10:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2019 10:10:18**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

No límite entre os concellos de Mesía e Boimorto, á altura da confluencia das parroquias de Buazo e Arceo, no lado de Boimorto e da parroquia de Boado, do lado de Mesía, encóntrase a Ponte Boado tendida sobre o río Tambre. Trátase dunha ponte executada mediante estribos de formigón, vigas prefabricadas e taboleiros de 4m. de ancho e que conta cunha luz aproximada de 16m.

Prestaba un servizo adecuado á realidade destas parroquias, eminentemente gandeiras de leite nas que a superficie adicada ó ensilado de millo forraxeiro é considerable, ata hai 20 ou 25 anos en que quedou estreita de máis tanto para vehículos correntes coma, especialmente, para maquinaria agrícola de todo tipo, chegando a encaixarse na mesma algunha que outra máquina de ensilado sendo necesario forza-los ferros que fan de varanda da mesma.

En xuño de 2017, en sesión plenaria a Corporación do concello de Boimorto acordou acepta-la execución da obra de reconstrución da citada infraestrutura, incluída no PIR e cun orzamento de 312.230,72 euros. No citado proxecto de execución figuraba a modificación do cauce do río aspecto este que motiva que Augas de Galicia informe desfavorablemente o proxecto polo que este será reformado pasando a ser un Proxecto de Ampliación da mentada ponte cun orzamento de 143.816,53 euros.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Apróbase en Pleno Ordinario no mes de setembro de 2017 este novo proxecto que recibe varias alegacións da Asociación de Veciños de Arceo e da Asociación de Pesca Deportiva Robalo que son desestimadas excepto as números 4 e 5 nas que se estima insuficiente o van libre proxectado e o resguardo fronte avenidas.

Así o informe emitido en 11 de abril de 2018 polo enxeñeiro técnico da Demarcación Hidrográfica Galicia Centro é desfavorable ó citado proxecto.

A ponte está aí, cun insuficiente servizo agardando ela e os veciños que alguén poña algo de cordura en todo este tema porque as razóns aducidas para desestimar o primeiro proxecto son agora causa da desestimación do segundo polo mesmo organismo Augas de Galicia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que características e que condicións debe cumpriren o proxecto e a obra da Reforma da Ponte Boado para poder ser informada e executada sen atrancos?

-Van queda-las parroquias das marxes dereita e esquerda do río Tambre dos municipios de Mesía e Boimorto sen o necesario servizo da Ponte Boado?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2019 11:45:23**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2019 11:45:28**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2019 11:45:29**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2019 11:45:30**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2019 11:45:31**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2019 11:45:33**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación da atención de urxencias no sistema galego de saúde pasa por momentos difíciles debido á política de recortes implantada nos últimos anos polo goberno da Xunta de Galicia, especialmente no plano dos recursos humanos.

A situación do persoal dos PAC de Galicia, con folgas nos últimos meses e reivindicacións non atendidas pola Consellería de Sanidade, vén de resultar nunha convocatoria de folga indefinida que amosa o compromiso do persoal sanitario que traballa nos PAC por defender as reclamacións dunhas condicións laborais máis xustas e equitativas.

A esta situación engádense escenarios como os paros mantidos durante moitas semanas polo persoal de urxencias do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, que levan moito tempo reclamando un necesario incremento do cadro de persoal e mellor dotación de material para poder exercer correctamente o seu traballo.

Tamén o sector da atención urxente a través de ambulancias e 061 vén presentando problemas, coa decisión forzosa do traslado de instalacións de Santiago de Compostela á Estrada e os problemas de aplicación do convenio laboral e de abandonos do servizo por parte das empresas concesionarias.

Este escenario apunta a unha perda de capacidade asistencial, so atenuada polo sobreesforzo que realizan os profesionais, pero non resolta pola Consellería de Sanidade que evita afrontar a situación.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

1. É consciente a Xunta de Galicia da acumulación de conflitos nos servizos de atención sanitaria urxente do sistema galego de saúde que afectan á capacidade asistencial?



2. Considera a Xunta de Galicia satisfactoria a súa política de recursos humanos especificamente no que ten relación cos distintos servizos de atención sanitaria urxente?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia abrir canles específicas de diálogo cos e coas profesionais dos PAC que inician unha folga indefinida? E co persoal de urxencias do CHUS? E cos profesionais dos servizos de ambulancias e 061?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 08/01/2019 13:01:20**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/01/2019 13:01:26**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Acumula constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG, como das forzas políticas da oposición, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Esta situación mesmo levou aos dous presentadores do Telexornal Serán, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a presentar a súa dimisión en xuño deste ano, ao que hai que engadir a mobilización dos venres negros (que xa vai pola súa 38 edición) polo cumprimento íntegro da Lei de medios públicos do 2011, a histórica manifestación que percorreu as rúas de Compostela o pasado 8 de setembro, os paros parciais do mes de novembro, e as dúas folgas de 24 horas dos días 19 e 22 de decembro.

Nestes últimos meses intensificáronse as mobilizacións dos e das profesionais da sanidade pública en defensa do noso sistema sanitario. Entre os feitos máis sinalados atópase a dimisión en bloque de 22 xefes de centros de saúde de Vigo, polo “deterioro insustentable” e o “sobreesforzo que deben afrontar os e as profesionais”. Á dimisión en bloque dos xefes de centros de saúde, súmase a folga que mantén o persoal dos puntos de atención continuada (PAC), co recente anuncio por parte do comité de folga de secudala de xeito indefinido. E se non son suficientes estas mobilizacións, o servizo de urxencias do complexo hospitalario de Santiago suma tamén máis dun mes de paro para reclamar persoal suficiente que permita cubrir todas as necesidades asistenciais.

O tratamento informativo das mobilizacións levadas a cabo nestes últimos meses en defensa da sanidade pública, volveu a poñer de manifesto que a CRTVG segue funcionando coma unha cadea de transmisión dos argumentarios do PP. Se se realiza unha análise do tratamento informativo deste asunto nestes últimos meses, compróbase que hai unha clara intencionalidade política, a de que os medios de comunicación públicos sexan altofalante do Goberno galego ao tempo que se silencian as voces máis críticas coa xestión da sanidade pública por parte



da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera que a cobertura das mobilizacións da sanidade pública galega estivo á altura dun medio público como a CRTVG?
2. Cre que na cobertura deste tema, os e as profesionais que se mobilizaron tiveron a mesma presenza na CRTVG que a versión oficial da Xunta de Galicia?
3. Que valoración fai da cobertura por parte da CRTVG da dimisión en bloque de 22 xefes de centros de saúde de Vigo, así como das reaccións da Xunta de Galicia ante estes feitos?
4. Considera a CRTVG que as novas referentes á folga dos PAC se cobren con obxectividade e mantendo o principio de pluralismo ideolóxico e social que deben rexer nun medio de comunicación público?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Abel Losada Álvarez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/01/2019 13:38:15**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/01/2019 13:38:20**

**Julio Torrado Quintela na data 08/01/2019 13:38:24**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

1. A autoestrada AP 53 entre Santiago-Ourense, no seu treito entre Santiago e Lalín, é unha das máis caras do Estado español. Esta situación supón un agravio e unha discriminación para a mobilidade das persoas e para a conectividade-competitivade das empresas da comarca do Deza nas súas relacións coa área de Santiago.

O BNG leva anos reclamando a transferencia a Galiza desta vía, así como unha rebaixa da peaxe posto que a alternativa existente, a N-525, é unha estrada limitada a 50 Km/h na totalidade do traxecto entre Lalín e Santiago, atravesa numerosas zonas urbanas e conta con unha elevada intensidade de tráfico cos conseguintes problemas de inseguridade e merma da calidade de vida das poboacións da contorna.

2. Malia estas abusivas peaxes, a empresa concesionaria, o grupo Itinere, levou a cabo unha política de empeoramento do servizo que tivo entre outras consecuencias a eliminación do persoal das cabinas de peaxe, substituídos por





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

sistemas de telepeaxe e caixeiros de pagamento. Unicamente hai unha persoa en todo o treito por si xorde algún imprevisto.

Por este motivo, o BNG presentou a cabo iniciativas relativas ao mantemento de persoal nas cabinas de cobro.

3. Esta situación xa de por si abusiva viuse agravada nos últimos meses debido a fallos nas máquinas, que marcaban cobros moi por enriba do estipulado. Por exemplo:

- No treito de Silleda-Lalín o prezo é de 2,45€ e a máquina marca 3,60€. É dicir, hai un desfase de 1,15€ a favor da empresa.
- No treito Santiago–A Bandeira o prezo é de 2,70€ e a máquina marca 3,60€. Un desfase de 0,90€ a favor da empresa

Se temos en conta que por ese tramo pasan diariamente máis de 6.000 vehículos, supón un atraco diario considerable.

As persoas usuarias que saben o prezo da peaxe, chaman para que resolvan o problema cos conseguíntes trastornos (perdas de tempo, molestias,...) . As que non coñecen o prezo posiblemente estivesen pagando de máis.

Por outra banda, suponse que as usuarias que contan co dispositivo de telepeaxe se lle estea cargando o importe que marca a máquina da peaxe, polo que a empresa está cobrando indebidamente a peaxe desde hai meses.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que iniciativas levou a cabo o Goberno galego para corrixir o cobro de peaxes por riba das cantidades oficialmente establecidas na AP 53?

-E para o establecemento de bonificacións ás persoas usuarias como obxecto de potenciar o seu uso como alternativa á saturada N525?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Olalla Rodil Fernández**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

Se analizamos as memorias que acompañan aos orzamentos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, podemos atopar declaracións de intencións moi contundentes, como que “procede avanzar decididamente nunha formación profesional dual baseada nunha maior colaboración e participación das empresas nos sistemas de formación profesional, propiciando



unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, así, permitir que estas coñezan de maneira máis próxima a formación que recibe a mocidade, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas”.

Paralelamente ao anterior, sempre se dotan con orzamento partidas destinadas ao fomento da formación profesional dual: 400.000 € no ano 2018 e 750.000 no ano 2019, ambas cantidades no programa 422M Ensinanza Secundaria, Formación Profesional e Outras Ensinanzas.

Pese ao marco teórico e orzamentario que leva a que por parte dos responsables políticos do Goberno se diga que a formación profesional dual é un obxectivo estratéxico e que acadada notables resultados, o certo é que os datos reais parecen contradicir ese discurso, o que se pon de manifesto en que, por un lado vén sendo unha constante que os prazos inicialmente previstos nas convocatorias de admisión a esta modalidade son ampliados por existir vacantes (en realidade na práctica totalidade dos ciclos formativos ofertados) e, por outro, a actual matrícula, segundo algunha fontes, é de 937 alumnos en total sobre unha previsión de 5.000 persoas matriculadas no curso 2020/2021.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cantos alumnos se matricularon na Comunidade Autónoma de Galicia en formación profesional dual de grao medio en cada un dos cursos 2013/2014, 2014/2015, 2015/2016, 2016/2017, 2017/2018 e 2018/2019?

2ª) Cantos alumnos se matricularon na Comunidade Autónoma de Galicia en formación profesional dual de grao superior en cada un dos cursos 2013/2014, 2014/2015, 2015/2016, 2016/2017, 2017/2018 e 2018/2019?

3ª) Responden as anteriores cifras ás expectativas da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional?

4ª) Mantense como obxectivo acadar as 5.000 persoas matriculadas en formación profesional dual no curso 2020/2021, se fose así, como pensa acadar ese obxectivo?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2019





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/01/2019 11:54:02  
**Nº Rexistro: 42982**  
Data envío: 10/01/2019 11:54:02.395

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2019 11:09:59**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 10/01/2019 11:10:07**

CSV: REXISTRO-WWFpAKay5-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luis Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa repostos escrita**.

A finais do ano 2018 a Consellería de Cultura e Turismo licitou obras da igrexa de Santa Cruz de O Incio para a recuperación de cubertas e carpinterías, evitando a entrada de auga, mellora das condicións de humidade do edificio, novo illamento térmico, renovación integral da instalación eléctrica e resolución doutras patoloxías en varios dos seus espazos.

Ademais, inclúese o remate dalgúns elementos que quedaron pendentes cando se inaugurou en 1963, como por exemplo, as escaleiras de acceso ao campanario. Tamén está previsto actuar no exterior, procurando a eliminación de cable eléctrico e outras instalacións que atravesan a fachada.

No prego de cláusulas administrativas deste contrato, a Consellería de Cultura e Turismo afirma que son obras necesarias para atallar as patoloxías que se produciron pola ausencia de mantemento nestes últimos anos. As obras teñen un orzamento de 126.000 euros.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal é a achega da diocese de Lugo para estas obras dun ben da súa propiedade?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 10/01/2019 12:24:25**







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/01/2019 12:26:08  
**Nº Rexistro: 42991**  
Data envío: 10/01/2019 12:26:08.241

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2019 12:24:36**

CSV: REXISTRO-QEH4HYLeq-0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a elaboración e aprobación do Plan para a normalización lingüística na mocidade e as medidas que debe realizar ao respecto a Xunta de Galiza.

Hai case tres anos que a Xunta de Galiza di estar a elaborar un Plan para a normalización da lingua galega entre a mocidade.

A primeira vez que escoitamos falar deste Plan foi en abril de 2016. Foi o secretario xeral de Política Lingüística quen o anunciou, no marco dunhas xornadas sobre lingua e mocidade organizadas polo Consello da Cultura. Xa daquela aseguraron estar traballando nun bosquejo.

A segunda ocasión que o anunciaron foi en febreiro de 2017, coincidindo co Día da lingua inicial ou lingua materna. Fíxoo o daquela conselleiro de Cultura e Educación aproveitando a visita a unha escola infantil.

De novo en maio de 2017 volveu falar o conselleiro do Plan, foi no mes de en sede parlamentar coincidindo cunha interpelación que lle fixemos ao respecto desde o Grupo parlamentar do BNG. Naquela resposta o conselleiro





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

dixo que o plan abranguería o período 2017-2020; que estaría enfocado ao sector 2 do Plan Xeran de Normalización Lingüística e que se dirixiría á mocidade entre os 14 e 30 anos.

Un ano despois, en abril de 2018, o conselleiro presentou publicamente o documento marco do futuro Plan que sería aprobado pola Xunta de Galiza ese mesmo ano. De facto, o cronograma temporal previsto no propio documento marco, prevé a súa remisión ao Parlamento de Galiza entre os meses de setembro e outubro de 2018 para a súa aprobación definitiva en novembro, algo que non aconteceu.

Entretanto, distintos estudos publicados polo IGE, a Academia Galega e o Consello da Cultura Galega advirten que:

- A lingua inicial maioritaria xa é o castelán (38%) se temos en conta a poboación a partir dos 5 anos e até os 65.
- Entre os 5 e os 14 anos –idades que ficarían excluídas do plan-- só o 18% das crianzas aprenderon a falar en galego mentres que o 45% o fai en castelán.
- En relación ao uso. Entre os 5 e 9 anos son falantes habituais arredor do 20%; entre os 10 e os 14, menos do 30% e o 30% entre os 15 e os 19 anos.

É dicir, as cifras advirten que: se está a producir unha ruptura da transmisión xeracional que non ten a ver coa decisión das familias unicamente





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

senón que está vencellada directamente coa escasa ou nula presenza da lingua galega nos espazos de socialización secundaria, fundamentalmente a escola e os medios de comunicación nun sentido amplo: radio, prensa, TV, redes sociais, industrias culturais (música, vídeos, series e filmes) e publicidade.

Así mesmo, sinala a responsabilidade directa do Partido Popular na Xunta de Galiza situando o Decreto 79/2010 como o punto de creba dunha tendencia de mellora que se rexistrara en Galiza a partir da aprobación da Lei de Normalización Lingüística (1983) e especialmente do Decreto 124/2007 que seguía literalmente o disposto no Plan Xeral de Normalización Lingüística. Isto provocou, de acordo coa propia Academia, un retroceso de 20 anos en relación coa presenza e uso do galego no ensino.

“Podemos concluír que a aplicación do Decreto 79/2020 supuxo un retroceso en todos os ámbitos analizados (lingua das aulas, usos cos compañeiros, uso oral co profesorado e usos escritos)”, di a Academia no seu informe que advirte: “algo está fallando cando o noso ordenamento legal, desde os inicios da Autonomía prevé avanzar cara a unha situación de normalidade do galego e de igualdade co castelán e, pola contra unha parte crecente das galegas sente unha presión cada vez máis forte para abandonar o galego e adoptar o castelán”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Ten realmente elaborado a Xunta de Galiza o Plan que leva anunciando desde 2016 para a normalización da lingua galega entre a mocidade?

- Por que non ten remitido ao Parlamento o devandito Plan de acordo coa planificación temporal aprobada pola propia Xunta?

- Cando pensa facelo público e envíalo á Cámara?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2019 13:20:47**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2019 13:20:52**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2019 13:20:53**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 10/01/2019 13:20:54**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2019 13:20:56**

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2019 13:20:57**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a elaboración e aprobación da Estratexia da Cultura Galega 2021 e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

Desde finais do ano 2017 a Xunta de Galiza di estar a traballar na elaboración da Estratexia da Cultura Galega 2021 entendida como a grande aposta do Goberno galego en materia de política cultural.

Para tal fin, o Consello da Cultura Galega (CCG) elaborou e fixo pública, en marzo de 2018, unha extensa diagnose na que aborda a situación dos distintos sectores culturais do noso país, eivas e retos de futuro. Un documento que, na súa presentación pública, o conselleiro de Cultura considerou “a folla de ruta que servirá para analizar a situación actual do sector, fixar obxectivos e definir liñas e medidas concretas para acadalos”.

A finais de 2018, no concreto o 6 de novembro, en comparecencia parlamentar, o conselleiro de Cultura asegurou que levarían ao Consello da Xunta “antes de finalizar este ano” [referíndose ao xa rematado 2018] o devandito documento antes de ser remitido ao Parlamento de Galiza. Porén, isto non ten acontecido.

Esta é unha vella promesa incumprida polo Partido Popular na Xunta de Galiza. Xa en 2013, tamén en sede parlamentar, o daquela conselleiro de Cultura, Jesús





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Vázquez, asegurou que o Goberno galego elaboraría e aprobaría un Plan galego da cultura e un Plan Director do libro que nunca chegaron a nacer.

Alén dos incumprimentos por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza, os sectores culturais do país veñen denunciando a falta dunha política cultural debidamente planificada e orzamentada na última década así como a paralización de proxectos iniciados durante os anos 2005-2009.

Cómpre lembrar que os sectores culturais representan para Galiza o 2% do PIB e xeran máis de 30.000 postos de traballo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por non aprobou nin remitiu ao Parlamento a Xunta de Galiza a Estratexia da Cultura Galega 2021 após comprometerse a facelo antes de rematar 2018?
- Cando pensa facelo?
- Cre o Goberno galego que é ou será un documento dialogado cos sectores culturais?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**  
**Luis Bará Torres**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2019 13:30:46**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2019 13:30:50**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2019 13:30:52**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 10/01/2019 13:30:53**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2019 13:30:55**

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2019 13:30:56**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural tense dirixido a este grupo parlamentario expoñendo que o día 7 de xuño de 2018 presentaron no rexistro da Xunta de Galicia unha serie de solicitudes dirixidas ás consellerías de Educación, Medio Rural e Política Social, reiterada aos xefes territoriais de Educación con petición de audiencia, no que pedía a adopción de tres medidas:

1. Elaboración dun plan específico de Educación para o medio rural
2. Aprobación dunha moratoria no peche de escolas e na redución de recursos docentes, didácticos e materiais nas escolas do rural.
3. Posta en funcionamento de fórmulas de agrupamentos funcionais para evitaren o peche de escolas ou unidades.

Así mesmo, trasladaron esa petición ao Parlamento de Galicia, que lle deu trámite á solicitude dirixindo a solicitude á Xunta de Galicia, todo o cal se pode comprobar na páxina *web* do dito Parlamento e como se acredita deste xeito:

Segundo expoñen no seu escrito, non recibiron ningún tipo de resposta ás súas peticións, pese a ter transcorrido un prazo máis que razoable.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1<sup>a</sup>) Cal é o motivo polo que o Goberno da Xunta de Galicia non deu ningún tipo de resposta á petición presentada?
- 2<sup>a</sup>) Ten intención de recibir á Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural e estudar as peticións presentadas?
- 3<sup>a</sup>) Considera o Goberno da Xunta de Galicia que a Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural carece de representatividade e lexitimación para presentar propostas encamiñadas a afrontar a perda de servizos no mundo rural?





Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2019 13:32:36**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 10/01/2019 13:32:44**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural tense dirixido a este grupo parlamentario expoñendo que o día 7 de xuño de 2018 presentaron no rexistro da Xunta de Galicia unha serie de solicitudes dirixidas ás consellerías de Educación, Medio Rural e Política Social, reiterada aos xefes territoriais de Educación con petición de audiencia, no que pedía a adopción de tres medidas:

1. Elaboración dun plan específico de Educación para o medio rural
2. Aprobación dunha moratoria no peche de escolas e na redución de recursos docentes, didácticos e materiais nas escolas do rural.
3. Posta en funcionamento de fórmulas de agrupamentos funcionais para evitaren o peche de escolas ou unidades.

Así mesmo, trasladaron esa petición ao Parlamento de Galicia, que lle deu trámite á solicitude dirixindo a solicitude á Xunta de Galicia, todo o cal se pode omprobar na páxina *web* do dito Parlamento e como se acredita deste xeito:

[Expediente: 10/VIUDE-000013](#)

### Detalle do expediente

**Extracto:** Sobre o peche das escolas e a supresión de unidades e profesorado no rural galego para os vindeiros cursos escolares

**Número de rexistro de entrada:** 10032259

**Data de creación:** 11/06/2018

**Órgano ditaminante:** Comisión de Peticións

**Órganos proponentes:**

•

**Procedemento:** Ordinario

**Situación:** Pechado

**Tipo de finalización:** Notificación

**Proponentes:**

• Fernando Lacaci Batres

### Trámites do expediente

| Data       | Trámite                           | Publicación                                   |
|------------|-----------------------------------|---|
| 11/06/2018 | Entrada da iniciativa             | <a href="#">Rexistro de entrada: 10032259</a> |
| 18/06/2018 | Admisión a trámite                | Mesa do Parlamento                            |
| 19/06/2018 | Notificación ao interesado        | Rexistro de saída: 10009783                   |
| 19/06/2018 | Notificación á Comisión           | Rexistro de saída: 10009785                   |
| 05/07/2018 | Estudo do documento pola Comisión | Comisión                                      |
| 10/07/2018 | Notificación á Dirección Xeral    | Rexistro de saída: 10010121                   |
| 10/07/2018 | Notificación ao interesado        | Rexistro de saída: 10010123                   |



Segundo expoñen no seu escrito, non recibiron ningún tipo de resposta ás súas peticións, pese a ter transcorrido un prazo máis que razoable.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o motivo polo que o Goberno da Xunta de Galicia non deu ningún tipo de resposta á petición presentada?

2ª) Ten intención de recibir á Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural e estudar as peticións presentadas?

3ª) Considera o Goberno da Xunta de Galicia que a Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural carece de representatividade e lexitimación para presentar propostas encamiñadas a afrontar a perda de servizos no mundo rural?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2019 13:39:33**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 10/01/2019 13:39:41**





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42764

Data envío: 08/01/2019 15:16:26.404

Data 08/01/2019 15:16

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13205** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a posta en funcionamento e o sistema a empregar na cociña do Centro Hospitalario Universitario de Ourense (CHOU)**”, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A contratación da subministración de equipamento de cociña, con adecuación de espazos con destino ao novo edificio de hospitalización do Complexo Hospitalario de Ourense xa foi adxudicada o 1 de outubro de 2018.

A situación laboral do persoal que actualmente presta servizos na cociña do CHOU será a mesma que actualmente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42764**  
Data envío: 08/01/2019 15:16:26.404

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/01/2019 15:16:23**

CSV: REXISTRO-7T8MkwbZB-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42763  
Data envío: 08/01/2019 15:16:17.794  
Data 08/01/2019 15:16

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13208** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o tratamento dos presos afectados con Hepatite C**”, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde presta a atención sanitaria requirida para os pacientes reclusos en institucións penitenciarias con infección crónica polo virus da Hepatite C, incluíndo nesa atención o diagnóstico, a valoración do paciente, indicación de tratamento e posterior seguimento.

En canto, ao subministro da medicación é competencia de Institucións penitenciarias levalo a cabo. Feito que quedou de manifesto por sentenza do Xulgado Contencioso administrativo.

Esta situación queda perfectamente reflectida no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Institucións Penitenciarias firmado no mes de abril de 2016. Nos compromisos recollidos no citado texto establécese que o Servizo galego de Saúde pon a disposición do centros penitenciarios ubicados na nosa Comunidade todos os seus medios e dispositivos asistenciais, co fin de desenvolver a cooperación necesaria en relación a estes pacientes reclusos infectados polo virus da Hepatite C e co fin de colaborar no seguimento destes pacientes.





Incluso antes da formalización do Convenio do mes de abril de 2016, xa temos asistido e tratado pacientes cos recursos asistencias e medicamentos subministrados por parte do Servizo Galego de Saúde.

Polo tanto, calquera usuario con Hepatite C Crónica que se atope en institucións penitenciarias e susceptible de tratamento, ten garantida a atención sanitaria polos facultativos do Servizo Galego de Saúde con experiencia no manexo desta enfermidade.

En canto ao número de reclusos infectados polo Virus da Hepatite C é unha cuestión que se deberían trasladar aos responsables destas Institucións que son os competentes para facilitar dita información.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42763**  
Data envío: 08/01/2019 15:16:17.794

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/01/2019 15:16:09**

CSV: REXISTRO-fvjtaKvZG-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42762  
Data envío: 08/01/2019 15:16:05.185  
Data 08/01/2019 15:16

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13211** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o proxecto de reubicación dos servizos do Hospital Gil Casares**”, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nestes momentos está en fase de redacción o Plan Funcional de Ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e nos orzamentos do 2019 existe partida orzamentaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42762**  
Data envío: 08/01/2019 15:16:05.185

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/01/2019 15:16:01**

CSV: REXISTRO-VEGCNITJC-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42761  
Data envío: 08/01/2019 15:15:57.669  
Data 08/01/2019 15:15

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13213** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o mantemento dos capeláns no Servizo Galego de Saúde**”, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación aos servizos relixiosos no Sergas seguiranse a aplicar os convenios asinados co Arcebispado tal e como se ven facendo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42761**  
Data envío: 08/01/2019 15:15:57.669

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/01/2019 15:15:54**

CSV: REXISTRO-qG2qxVE02-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42769  
Data envío: 08/01/2019 16:59:51.718  
Data 08/01/2019 16:59

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13217** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a execución do proxecto e obra do novo Centro de Saúde de Ribadavia**”, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos remitimos á resposta facilitada polo Xerente do Sergas na Comisión 5ª que tivo lugar o 15 de novembro de 2017, na que informaba sobre as actuacións de mantemento levadas a cabo no actual Centro de Saúde de Ribadavia así como sobre a situación na que se atopa a futura construción do novo Centro de Saúde de Ribadavia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

página 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42769**  
Data envío: 08/01/2019 16:59:51.718

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/01/2019 16:59:48**

CSV: REXISTRO-chaEiffz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42760  
Data envío: 08/01/2019 15:15:44.216  
Data 08/01/2019 15:15

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13220** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o tratamento da hepatitis C**”, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade a través da súa plataforma E-Saúde informa sobre os distintos aspectos da enfermidade da Hepatite C, en concreto sobre que é, como se transmite, a quen lle pode afectar, cales son os seus síntomas o seu diagnóstico e o seu tratamento.

O cantidade de 130 millóns de euros inclúe o gasto do exercicio 2015 e a previsión para o 2016. O gasto de 2015 foi de 77,8 millóns de euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42760**  
Data envío: 08/01/2019 15:15:44.216

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/01/2019 15:15:39**

CSV: REXISTRO-fvLsZ4m8P-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42759  
Data envío: 08/01/2019 15:15:34.341  
Data 08/01/2019 15:15

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14015** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a necesidade de remodelación da actual nave de reciclaxe de Sogama e os problemas reflectidos na Memoria de orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento na resposta á pregunta 5146, do mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario, e foi publicada no BOPG número 121 do 1.06.2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42759**  
Data envío: 08/01/2019 15:15:34.341

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/01/2019 15:15:30**

CSV: REXISTRO-y822DnV16-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31574**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“as previsións do Goberno galego para acadar un novo acordo respecto das condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia”**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 11 de outubro de 2018, a Xunta de Galicia e os sindicatos UGT, CCOO e CIG acadaron un acordo para a mellora das condicións laborais do colectivo de axentes medioambientais e forestais. O documento foi asinado polos representantes sindicais e os conselleiros de Medio Ambiente, de Facenda, e do Medio Rural, os tres departamentos que participaron na mesa de negociación aberta cos traballadores este verán.

O acordo supón unha mellora notable das actuais condicións laborais e retributivas dun colectivo sometido a condicións de traballo especiais polas propias características e natureza do servizo. Deste xeito, os máis de 500 axentes integrados nas consellerías de Medio Ambiente (161) e do Medio Rural (388) experimentarán un avance substancial desde o punto de vista da conciliación da súa vida laboral e persoal.

Entre os cambios acordados figura establecer melloras salariais que veñen a homoxeneizar as condicións retributivas destes profesionais, e cun aumento daquelas retribucións dirixidas a manter a continuidade do servizo a través de gardas e da prestación de traballo en domingo e festivos, especialmente en épocas de maior actividade estacional ou de incendios.

Así mesmo, tamén se asumiu o compromiso de negociar os principios do pase voluntario á segunda actividade para o persoal que teña cumpridos os 60 anos e cun período mínimo de servizo, e se introducen unha serie de melloras relativas ás condicións de traballo, particularmente con relación á redución das quendas nocturnas ou á xornada máxima anual, que queda fixada en 1.665 horas.



Unha comisión de seguimento con presenza paritaria da administración e dos sindicatos será a encargada de velar polo cumprimento do acordo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 43097**  
Data envío: 10/01/2019 14:18:04.250

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/01/2019 14:18:00**

CSV: REXISTRO-7u0MgTt+5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42946  
Data envío: 10/01/2019 09:13:56.844  
Data 10/01/2019 09:13

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29657** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don David Rodríguez Estévez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á realización dalgunha xuntanza cos representantes dos axentes forestais e medioambientais para reabrir as negociacións e cumprir os acordos acadados”**, (publicada no BOPG número 297 do 26 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 11 de outubro de 2018, a Xunta de Galicia e os sindicatos UGT, CCOO e CIG acadaron un acordo para a mellora das condicións laborais do colectivo de axentes medioambientais e forestais. O documento foi asinado polos representantes sindicais e os conselleiros de Medio Ambiente, de Facenda, e do Medio Rural, os tres departamentos que participaron na mesa de negociación aberta cos traballadores este verán.

O acordo supón unha mellora notable das actuais condicións laborais e retributivas dun colectivo sometido a condicións de traballo especiais polas propias características e natureza do servizo. Deste xeito, os máis de 500 axentes integrados nas consellerías de Medio Ambiente (161) e do Medio Rural (388) experimentarán un avance substancial desde o punto de vista da conciliación da súa vida laboral e persoal.

Entre os cambios acordados figura establecer melloras salariais que veñen a homoxeneizar as condicións retributivas destes profesionais, e cun aumento daquelas retribucións dirixidas a manter a continuidade do servizo a través de gardas e da prestación de traballo





en domingo e festivos, especialmente en épocas de maior actividade estacional ou de incendios.

Así mesmo, tamén se asumiu o compromiso de negociar os principios do pase voluntario á segunda actividade para o persoal que teña cumpridos os 60 anos e cun período mínimo de servizo, e se introducen unha serie de melloras relativas ás condicións de traballo, particularmente con relación á redución das quendas nocturnas ou á xornada máxima anual, que queda fixada en 1.665 horas.

Unha comisión de seguimento con presenza paritaria da administración e dos sindicatos será a encargada de velar polo cumprimento do acordo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42946**  
Data envío: 10/01/2019 09:13:56.844

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/01/2019 9:13:53**

CSV: REXISTRO-Un8FJB0Vn-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42944  
Data envío: 10/01/2019 09:13:40.578  
Data 10/01/2019 09:13

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31572** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para acadar un novo acordo respecto das condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 11 de outubro de 2018, a Xunta de Galicia e os sindicatos UGT, CCOO e CIG acadaron un acordo para a mellora das condicións laborais do colectivo de axentes medioambientais e forestais. O documento foi asinado polos representantes sindicais e os conselleiros de Medio Ambiente, de Facenda, e do Medio Rural, os tres departamentos que participaron na mesa de negociación aberta cos traballadores este verán.

O acordo supón unha mellora notable das actuais condicións laborais e retributivas dun colectivo sometido a condicións de traballo especiais polas propias características e natureza do servizo. Deste xeito, os máis de 500 axentes integrados nas consellerías de Medio Ambiente (161) e do Medio Rural (388) experimentarán un avance substancial desde o punto de vista da conciliación da súa vida laboral e persoal.

Entre os cambios acordados figura establecer melloras salariais que veñen a homoxeneizar as condicións retributivas destes profesionais, e cun aumento daquelas retribucións dirixidas a manter a continuidade do servizo a través de gardas e da prestación de traballo en domingo e festivos, especialmente en épocas de maior actividade estacional ou de incendios.



Xacobeo 2021

página 1 de 2



Así mesmo, tamén se asumiu o compromiso de negociar os principios do pase voluntario á segunda actividade para o persoal que teña cumpridos os 60 anos e cun período mínimo de servizo, e se introducen unha serie de melloras relativas ás condicións de traballo, particularmente con relación á redución das quendas nocturnas ou á xornada máxima anual, que queda fixada en 1.665 horas.

Unha comisión de seguimento con presenza paritaria da administración e dos sindicatos será a encargada de velar polo cumprimento do acordo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42944**  
Data envío: 10/01/2019 09:13:40.578

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/01/2019 9:13:37**

CSV: REXISTRO-urhx18B-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42943  
Data envío: 10/01/2019 09:13:32.766  
Data 10/01/2019 09:13

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31573** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para acadar un novo acordo respecto das condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 11 de outubro de 2018, a Xunta de Galicia e os sindicatos UGT, CCOO e CIG acadaron un acordo para a mellora das condicións laborais do colectivo de axentes medioambientais e forestais. O documento foi asinado polos representantes sindicais e os conselleiros de Medio Ambiente, de Facenda, e do Medio Rural, os tres departamentos que participaron na mesa de negociación aberta cos traballadores este verán.

O acordo supón unha mellora notable das actuais condicións laborais e retributivas dun colectivo sometido a condicións de traballo especiais polas propias características e natureza do servizo. Deste xeito, os máis de 500 axentes integrados nas consellerías de Medio Ambiente (161) e do Medio Rural (388) experimentarán un avance substancial desde o punto de vista da conciliación da súa vida laboral e persoal.

Entre os cambios acordados figura establecer melloras salariais que veñen a homoxeneizar as condicións retributivas destes profesionais, e cun aumento daquelas retribucións dirixidas a manter a continuidade do servizo a través de gardas e da prestación de traballo en domingo e festivos, especialmente en épocas de maior actividade estacional ou de incendios.



Xacobeo 2021

página 1 de 2



Así mesmo, tamén se asumiu o compromiso de negociar os principios do pase voluntario á segunda actividade para o persoal que teña cumpridos os 60 anos e cun período mínimo de servizo, e se introducen unha serie de melloras relativas ás condicións de traballo, particularmente con relación á redución das quendas nocturnas ou á xornada máxima anual, que queda fixada en 1.665 horas.

Unha comisión de seguimento con presenza paritaria da administración e dos sindicatos será a encargada de velar polo cumprimento do acordo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42943**  
Data envío: 10/01/2019 09:13:32.766

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/01/2019 9:13:29**

CSV: REXISTRO-FduBndvn-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42945  
Data envío: 10/01/2019 09:13:49.282  
Data 10/01/2019 09:13

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31571** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para acadar un novo acordo respecto das condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 11 de outubro de 2018, a Xunta de Galicia e os sindicatos UGT, CCOO e CIG acadaron un acordo para a mellora das condicións laborais do colectivo de axentes medioambientais e forestais. O documento foi asinado polos representantes sindicais e os conselleiros de Medio Ambiente, de Facenda, e do Medio Rural, os tres departamentos que participaron na mesa de negociación aberta cos traballadores este verán.

O acordo supón unha mellora notable das actuais condicións laborais e retributivas dun colectivo sometido a condicións de traballo especiais polas propias características e natureza do servizo. Deste xeito, os máis de 500 axentes integrados nas consellerías de Medio Ambiente (161) e do Medio Rural (388) experimentarán un avance substancial desde o punto de vista da conciliación da súa vida laboral e persoal.

Entre os cambios acordados figura establecer melloras salariais que veñen a homoxeneizar as condicións retributivas destes profesionais, e cun aumento daquelas retribucións dirixidas a manter a continuidade do servizo a través de gardas e da prestación de traballo en domingo e festivos, especialmente en épocas de maior actividade estacional ou de incendios.



Xacobeo 2021

página 1 de 2



Así mesmo, tamén se asumiu o compromiso de negociar os principios do pase voluntario á segunda actividade para o persoal que teña cumpridos os 60 anos e cun período mínimo de servizo, e se introducen unha serie de melloras relativas ás condicións de traballo, particularmente con relación á redución das quendas nocturnas ou á xornada máxima anual, que queda fixada en 1.665 horas.

Unha comisión de seguimento con presenza paritaria da administración e dos sindicatos será a encargada de velar polo cumprimento do acordo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42945**  
Data envío: 10/01/2019 09:13:49.282

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/01/2019 9:13:45**

CSV: REXISTRO-avaWtTRAS-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42927

Data envío: 10/01/2019 09:11:23.124

Data 10/01/2019 09:11

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 37802**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela sobre, **“a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 19 de setembro de 2018, referida ao exercicio do dereito á folga das traballadoras da CRTVG o día 8 de marzo de 2018”**, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG do 31.10.2018- polo director xeral da CRTVG ao darlle resposta á pregunta 37704 sobre o mesmo tema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42927**  
Data envío: 10/01/2019 09:11:23.124

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/01/2019 9:11:19**

CSV: REXISTRO-p7n41trJP-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42920

Data envío: 10/01/2019 09:10:19.170

Data 10/01/2019 09:10

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 37981**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, dona María Luisa Pierres López e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre, **“o tratamento informativo dado pola CRTVG á nova referida aos supostos delitos de falsificación de documentos públicos, revelación de segredos e acoso laboral no Concello de Lalín”**, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG do 31.10.2018- polo director xeral da CRTVG ao darlle resposta á pregunta 37980 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42920**  
Data envío: 10/01/2019 09:10:19.170

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/01/2019 9:10:15**

CSV: REXISTRO-U740HRXT-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 43070  
Data envío: 10/01/2019 14:13:25.668  
Data 10/01/2019 14:13

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39544**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre, **“a opinión do Goberno galego referida á necesidade de suprimir a peaxe na autovía AG-57, a consideración da posibilidade de rebaixala de xeito transitorio para residentes e empresas radicadas no Val Miñor e as súas previsións respecto da realización dun estudo da viabilidade e oportunidade de rescatar a concesión”**, (publicada no BOPG número 380 do 6 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A AG-57 é unha autoestrada que, tendo unha das tarifas máis baixas do Estado, conta con descontos para itinerarios recorrentes nun mesmo día e a Xunta está a estudar xa a implantación de novas bonificacións que favorezan o uso da autoestrada en horario nocturno.

Polo que respecta a un eventual rescate da concesión da AG-57, hai que ter en conta que habería que rescatar conxuntamente a AG-57 e a AG-55, xa que estamos a falar dun único contrato para as dúas autoestradas de titularidade autonómica. O rescate a cargo dos Orzamentos da Xunta suporía desviar recursos destinados á cobertura de necesidades da Comunidade Autónoma en materias básicas e prioritarias tales como sanidade, educación ou servizos sociais, razón pola que o Goberno autonómico non contempla esta posibilidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

páxina 1 de 1

CSV: REXISTRO-qB6inGeca-3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 43070**  
Data envío: 10/01/2019 14:13:25.668

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/01/2019 14:13:22**

CSV: REXISTRO-qb6inGeca-3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/01/2019 11:30:24  
Nº Rexistro: 43256

Data envío: 14/01/2019 11:30:24.199

Data 14/01/2019 11:30

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39626**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre, “**o balance do Goberno galego en relación co desenvolvemento do Plan Rexurbe co fin de mellorar a calidade de vida das zonas urbanas e dos concellos máis pequenos, así como os datos referidos ás actuacións levadas a cabo para ese fin e o investimento realizado entre os anos 2010 e 2018**”, (publicada no BOPG número 384 do 15 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En total, ao abeiro do Plan Hurbe entre 2010 e 2018 están Finalizadas 171 actuacións executadas a través de convenios con 117 concellos por un importe de máis de 122 millóns de euros. Ademais, hai actualmente 11 actuacións en marcha por un importe total de 7 millóns”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/01/2019 11:30:24  
**Nº Rexistro: 43256**  
Data envío: 14/01/2019 11:30:24.199

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2019 11:30:21**

CSV: REXISTRO-ThhWIKMMQ-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42916

Data envío: 10/01/2019 09:09:44.466

Data 10/01/2019 09:09

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39979**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela sobre, **“as razóns da intensificación nos últimos meses das protestas dos traballadores da CRTVG referidas á xestión que está a levar a cabo a actual Dirección da corporación, así como a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 384 do 15 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG do 30.11.2018- polo director xeral da CRTVG ao darlle resposta á pregunta 39977 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42916**  
Data envío: 10/01/2019 09:09:44.466

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/01/2019 9:09:31**

CSV: REXISTRO-akEu18WWn-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/01/2019 11:29:53  
Nº Rexistro: 43253

Data envío: 14/01/2019 11:29:53.543

Data 14/01/2019 11:29

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **40542**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre, “**a opinión do Goberno galego referida á posible vulneración da normativa aplicable en materia de conservación do patrimonio natural na redacción que presenta o plan reitor de usos e xestión do Parque Natural de Corrubedo que está a elaborar a Xunta de Galicia, así como as alegacións presentadas ao respecto pola Sociedade Galega de Historia Natural, e as súas intencións en relación coa redacción dun novo plan**”, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, destacar que o Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUX) do Parque Natural de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, actualmente en tramitación, cumpre estritamente toda a normativa aplicable relativa á conservación do patrimonio natural.

O PRUX foi sometido a exposición pública e actualmente as alegacións presentadas a este texto están sendo analizadas para ver se poden ser aceptadas ou non, co obxectivo de acadar un documento o máis consensuado posible”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/01/2019 11:29:53  
**Nº Rexistro: 43253**  
Data envío: 14/01/2019 11:29:53.543

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2019 11:29:47**

CSV: REXISTRO-4ZepN3BXa-0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42914  
Data envío: 10/01/2019 09:09:14.747  
Data 10/01/2019 09:08

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41206**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María Luisa Pierres López, sobre, **“a opinión da Xunta de Galicia referida ao dereito da cidadanía das áreas metropolitanas de Vigo e da Coruña a usar de xeito gratuito as autoestradas AG-57, Puxeiros-Val Miñor e AG-55, A Coruña-Carballo, así como os resultados do mantemento do actual réxime de peaxes nas autoestradas de competencia autonómica, e a dispoñibilidade dalgunha valoración do custo económico que suporía a liberalización desas peaxes”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A autoestrada AG-57, de titularidade autonómica, ten unha das tarifas máis baixas do Estado. Tanto esta autoestrada como a AG-55 contan con descontos para itinerarios recorrentes nun mesmo día e a Xunta está a estudar xa a implantación de novas bonificacións que favorezan o uso destas autoestradas autonómicas en horario nocturno.

Polo que respecta a un eventual rescate, hai que ter en conta que habería que rescatar conxuntamente a AG-57 e a AG-55, xa que estamos a falar dun único contrato para as dúas autoestradas de titularidade autonómica. O rescate a cargo dos Orzamentos da Xunta suporía desviar recursos destinados á cobertura de necesidades da Comunidade Autónoma en materias básicas e prioritarias tales como sanidade, educación ou servizos sociais, razón pola que o Goberno autonómico non contempla esta posibilidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

páxina 1 de 1

CSV: REXISTRO-q/AKiv4ER-3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42914**  
Data envío: 10/01/2019 09:09:14.747

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/01/2019 9:08:55**

CSV: REXISTRO-q/AKiv4ER-3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41628**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre, **“a notificación polo Goberno galego aos técnicos do Concello da aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal de Tordoia, así como as datas previstas para a súa entrada en vigor e posta a disposición na Casa do Concello para consulta da veciñanza de toda a documentación dese plan”**, (publicada no BOPG número 400 do 18 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O PXOM de Tordoia foi aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data 7 de decembro de 2018, conforme ao previsto no artigo 85.7 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e ás previsións da disposición transitoria 2<sup>a</sup>.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia (LSG). A Orde foi notificada ao Concello nesa mesma data.

De conformidade co disposto polo no artigo 82.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o acordo de aprobación definitiva do planeamento foi publicado no Diario Oficial de Galicia o pasado 20 de decembro de 2018:

([https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181220/AnuncioG0532-131218-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181220/AnuncioG0532-131218-0001_gl.html)).

De conformidade cos artigos 82.8 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o concello debe publicar no Boletín Oficial da Provincia a Normativa e Ordenanzas do PXOM aprobado definitivamente.

En todo caso, e ao abeiro do disposto polo no artigo 82.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionadas á súa publicación de conformidade co establecido neste artigo, á inscrición



do instrumento no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia de conformidade co disposto no artigo 88 desta lei e ao que dispoña para tal efecto a lexislación vixente en materia de réxime local”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 43186**  
Data envío: 14/01/2019 09:10:19.878

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2019 9:09:54**

CSV: REXISTRO-vcPmfrKgsi-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42592  
Data envío: 07/01/2019 15:21:23.610  
Data 07/01/2019 15:21

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33503** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para a posta en servizo da nova estación intermodal da Coruña”**, (publicada no BOPG número 342 do 27 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 33504, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 372, do 17 de outubro de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 08/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42592**  
Data envío: 07/01/2019 15:21:23.610

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/01/2019 15:21:19**

CSV: REXISTRO-7dqvmMORR-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42591  
Data envío: 07/01/2019 15:21:14.578  
Data 07/01/2019 15:21

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33716** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a implantación do plan de accesibilidade dos autobuses interurbanos ao centro da cidade da Coruña”**, (publicada no BOPG número 344 do 1 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 33715, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 20 de decembro de 2018, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director xeral de Mobilidade detallou as cifras que reflexan a boa acollida da posta en marcha do Plan de accesibilidade dos autobuses interurbanos ao centro da Coruña, que desde a súa implantación rexistrou un 10% máis de viaxes. Concretou que desde novembro de 2017 ata novembro de 2018, dos máis de 5 millóns de viaxeiros que usaron estas liñas, máis de 2 millóns tiveron o seu destino final ou a orixe da súa viaxe nas novas paradas.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



A resposta completa do director xeral de Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-12-20?part=a8ad7af9-abba-4675-8ee0-9abc0222a9e7&start=1948>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-12-20?part=a8ad7af9-abba-4675-8ee0-9abc0222a9e7&start=2693>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 08/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42591**  
Data envío: 07/01/2019 15:21:14.578

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/01/2019 15:21:11**

CSV: REXISTRO-moD7vYd8k-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42942

Data envío: 10/01/2019 09:13:24.844

Data 10/01/2019 09:13

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33918** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración pola Xunta de Galicia do estado no que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras (Ourense), debido ao corte físico da estrada OU-0807”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Infraestruturas exerce as súas competencias nas estradas pertencentes á Rede Autonómica de Estradas de Galicia. Esta rede está formada polas estradas cuxo itinerario discorra integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non sexan de titularidade do Estado ou doutros organismos.

A estrada OU-0807 non é de titularidade autonómica. Por esta razón, todas as cuestións relacionadas coa súa conservación e/ou mellora deberán ser asumidas pola administración titular da vía.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42942**  
Data envío: 10/01/2019 09:13:24.844

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/01/2019 9:13:21**

CSV: REXISTRO-zc3MPluf5-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42590  
Data envío: 07/01/2019 15:20:51.250  
Data 07/01/2019 15:20

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34036** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión polo Goberno galego para facer efectiva a intermodalidade entre as estacións de trens e autobuses de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 34037, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 13 de setembro de 2018, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director xeral de Mobilidade indicou que a Xunta está a avanzar nos traballos do conxunto intermodal de Pontevedra e detallou os pasos dados ata ese momento para avanzar na modernización desta infraestrutura estratéxica e prioritaria para o Goberno galego.

A resposta completa do director xeral de Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-09-13?part=5044dcfa-1997-40b3-8a36-055cca08763b&start=5593>



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-09-13?part=5044dcfa-1997-40b3-8a36-055cca08763b&start=6310>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 08/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42590**  
Data envío: 07/01/2019 15:20:51.250

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/01/2019 15:20:47**

CSV: REXISTRO-NIMHyjpc0-0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42940  
Data envío: 10/01/2019 09:13:09.312  
Data 10/01/2019 09:13

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34040** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a calidade da prestación de servizos pola nova concesionaria da liña de transporte por estrada XG521 Salvaterra-Vigo con anexos”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta oral en Pleno número 25812, convertida a escrita por fin de período de sesións xaneiro-xullo de 2018, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 357, do 17 de setembro de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42940**  
Data envío: 10/01/2019 09:13:09.312

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/01/2019 9:13:05**

CSV: REXISTRO-3sFC6J4xJ-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42938

Data envío: 10/01/2019 09:12:53.672

Data 10/01/2019 09:12

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34072** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a supresión da liña de autobús directa entre Lugo e Vigo”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de licitación e posta en marcha das novas liñas de transporte público de viaxeiros por estrada foi un proceso realizado con todas as garantías necesarias e respectando escrupulosamente o previsto na lexislación vixente. En concreto, adxudicáronse seguindo o procedemento de adxudicación directo participativo que establece a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Tal e como indica artigo 77 da Lei 2/2017, os anteproxectos de explotación de servizos de transporte obxecto de adxudicación directa sometéronse a información pública. Durante este trámite, as empresas e demais interesados, en xeral, puideron formular as alegacións que consideraron oportunas en relación co contido do anteproxecto, sen que se recibise ningunha alegación sobre o número de conexións directas entre Vigo e Lugo.

A conexión directa entre Vigo e Lugo mantívose no proxecto XG-516, con expedicións os venres e domingos, por ser este servizo o que máis demandada ten, principalmente por estudantes. A maiores, durante o período de implantación dos servizos aumentáronse as súas frecuencias, atendendo ás peticións dos propios usuarios.



Ademais, nos pregos dos contratos incluíuse que será obrigaón permanente do contratista a coordinación e garantía de enlace das expedicións Lugo–Pontevedra, do contrato XG516, coas expedicións Pontevedra–Vigo, do contrato XG517, e viceversa, facendo compatibles as necesidades dos usuarios cunha xestión eficiente dos medios públicos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 42938**  
Data envío: 10/01/2019 09:12:53.672

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/01/2019 9:12:50**

CSV: REXISTRO-VLnHn21MC-0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42935  
Data envío: 10/01/2019 09:12:27.515  
Data 10/01/2019 09:12

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34080** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións do Goberno galego en materia ferroviaria”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego segue con atención os servizos ferroviarios que se prestan en Galicia e vén demandando ante o Ministerio de Fomento, que é quen ten as competencias en materia ferroviaria, e ante a operadora Renfe, que continúen a traballar na súa mellora, e así o seguirá a demandar tamén ante o novo Goberno do Estado.

Melloras referidas, entre outros aspectos, á adecuación das frecuencias e adecuación aos horarios demandados polos usuarios recorrentes; posibles transbordos con outras liñas; reforzo de servizos en épocas do ano con demandas especiais; flexibilización das condicións de uso dos bonos; redución de tarifas ou adaptación de oferta e demanda da liña rexional e estacións intermedias.

Neste sentido, o Goberno galego ten trasladado ao Ministerio de Fomento a necesidade de seguir traballando para lograr un servizo máis adaptado ás necesidades reais dos cidadáns, tamén nas comunicación interiores entre Lugo e Ourense.



Neste sentido cabe destacar o seguimento por parte da Xunta dos plans presentados polo anterior ministro de Fomento, Íñigo de la Serna, para a mellora da liña ferroviaria Ourense-Monforte-Lugo, en maio de 2018.

A demanda da mellora ferroviaria neste eixe foi trasladada novamente polo Goberno galego ao Goberno do Estado, tanto na reunión mantida entre o presidente da Xunta e o presidente do Goberno español no mes de xullo, como na xuntanza celebrada máis recentemente co ministro de Fomento no mes de outubro en Santiago de Compostela.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/01/2019 9:12:24





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 42934

Data envío: 10/01/2019 09:12:19.640

Data 10/01/2019 09:12

RS/ms

